



Afectación das parroquias de Beade, Bembrive e Castrelos polo novo vial:

Cal é a problemática pola que estamos a protestar?

Tratase da construción do vial autonómico **PO-010 A Balsa – Baruxáns**. Segundo o novo **PXOM**, nas parroquias de Beade, Bembrive e Castrelos está proxectado un vial de alta capacidade de 4 carrís (unha nova VG-20) que unirá a A55 ca estrada Clara Campoamor.

Por qué os veciños destas parroquias estamos en contra de este vial?

As zonas afectadas por este vial son núcleos rurais cheos de verde, libres de ruido e contaminación, ricos en flora e fauna. Afectará os ríos Eifonso e Barxa, Monte da Serra, petroglifos, muiños, minas de auga, fontes, lavadoiros, pozas, fervenzas, etc. Así coma vivendas e terreos.

Este vial vai supoñer:

1. **Perda de riqueza ambiental**, paisaxística e veciñal do que se supón ser o rural de Vigo.
2. **Expropiacións** de vivendas e leiras.
3. **Recalificación** de gran cantidade do **chan**. Chans que pasarán a ser rústicos, o que significa cas familias recibirán un **80% menos do valor actual** das suas propiedades, o que suporá un pago ínxusto e a baixa para as familias que quedaranse sen o seu fogar.
4. **Perda de biodiversidade** sen precedentes.
5. **O ruido e a contaminación** afectarán a **4 km de distancia**.
6. **Vivendas e propiedades** da zona quedarán **afectadas de xeito irreversible** en calidade de vida e no valor económico
7. Este vial **no disporá de accesos para as parroquias afectadas**.

Procedementos “estraños” que ten este vial:

1. Este vial trazouse **sen visitar a zona** e empregrando un plano urbanístico desactualizado (planos de 2017) por unha empresa que non esta en Vigo. Temos o caso de **3 familias** as cales **concedeuseelle licenza a principios do 2021** para a construción de vivendas (actualmente en construción) e que serán **expropriadas**.
2. Non existe ningún **estudo técnico** que xustifique a necesidade de este vial.
3. Non existe ningún **estudo ambiental** que ampare este vial.
4. Pese a que este vial é autonómico, **non contouse** ca **Axencia Galega de Infraestructuras**.
5. O Concello de Vigo xustifica este vial como necesario para o Hospital Álvaro Cunqueiro, pero na páxina 14 do PXOM dí que é un **“tramo para servir de ampliación das instalacións de PSA no polígono industrial”**.
6. O alcalde de Vigo dixo primeiro que só afectaba a un casa en ruinas. Agora que afecta a moi pouquiñas familias. Considera Caballero que os centos de familias que van quedar a vivir a beira de outra VG-20 non están igual ou mas afectados cas familias expropriadas? Isto supón **millerios de afectados**. Por non falar do **impacto ambiental, paixasistico e social** que suporá para os veciños afectados.
7. Por qué dende o Concello no se quere decir que **este vial é para PSA** (Stellantis), é que damos igual os veciños de Beade, Bembrive e Castrelos?
8. Por qué **este vial non foi debidamente informado a veciñanza**? Non chega con que se publique na web do Concello. Hai que facer accesible a información a todala veciñanza.
9. Está Vigo preparada para o **cambio climático** e para adaptarse os **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible** propostos pola **Unión Europea**? Non o parece. O Concello pretende **esnaquizar un dos pulmóns** de Vigo para convertilos noutra infraestructura faraónica e multimillonaria para dar servizo a unha **empresa privada**.

Creamos que o **Concello** de Vigo debería **reformularse** o que realmente deberían facer nos **espazos naturais** que rodean a cidade (e que pertencen a ela), en lugar de transformalo noutro vial de alta capacidade.

Únete aos veciños afectados e apoia o **NON O VIAL**. Podedes obter mais información nas nosas redes sociais, no correo afectadosvialbeade@gmail.com e no teléfono e Whatsapp 647 751 119

Twitter: AVIBE_VialBeade

Instagram: vial_beade_no

Facebook: AfectadosVialBeade-Vigo

Asinado:

AVIBE Plataforma afectados polo vial de Beade.

Únete e apoinanos na defensa do Rural de Vigo!!